

PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



CEIP PLURILINGÜE A
GÁNDARA

2024-2025



ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.....	2
1.1 CONTEXTO.....	3
1.2 CARACTERÍSTICAS SOCIAIS DO CENTRO.....	4
1.3 LEXISLACIÓN E PROTOCOLOS.....	4
2. OBXECTIVOS.....	6
2.1 OBXECTIVOS XERAIS.....	6
2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	7
3. AXENTES IMPLICADOS.....	8
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	9
5. METODOLOXÍA.....	10
6. TEMPORALIZACIÓN.....	11
7. RECURSOS.....	15
8. AVALIACIÓN.....	16



1. XUSTIFICACIÓN

A diversidade é unha condición humana que se manifesta no comportamento e modo de vida das persoas, así como en formas de pensar. Isto non é exclusivo dunha etapa ou etapas concretas da vida, senón que se dá durante toda ela. Non obstante, a diversidade ten gran repercusión nas aulas, posto que é un escenario no que se perciben de forma permanente esta variedade de formas e circunstancias no alumnado.

Co propósito de dar resposta educativa a esta diversidade urxe o departamento de orientación nos centro educativos.

Partindo das **tres realidades** constatables:

1. Non todo o alumnado aprende coa mesma facilidade.
2. Non todo o alumnado está igualmente motivados.
3. Non todo o alumnado aprende do mesmo xeito.

É importante que dende a nosa escola teñamos en conta estas diferenzas e as respectemos de maneira que cada alumno/a poida acadar un desenvolvemento persoal, intelectual, académico e social acorde ás súas propias características.

O Plan do Departamento de Orientación pretende estar adaptado aos contextos familiar e escolar e así dar resposta aos principios de:

- **Prevención:** calquera actuación debe concibirse fundamentalmente dentro do ámbito da prevención, sen que isto supoña renunciar ás situacións puntuais de tipo asistencial (atención a suxeitos con dificultades de aprendizaxe, asesoramento o profesorado ante situacións problemáticas concretas).
- **Continuidade:** a orientación é un proceso que debe ter lugar ó longo de toda a vida.
- **Diversidade:** un dos aspectos fundamentais da colaboración psicopedagóxica é a atención ó alumnado con Necesidades Educativas Especiais.
- **Convivencia:** Entre os obxectivos prioritarios da acción orientadora está a mellora constante da convivencia escolar, mediante a prevención e a mediación nos conflitos.
- **Integración:** debe formar parte do sistema educativo.
- **Universalidade:** dirixido a toda a comunidade escolar.
- **Autonomía:** debe contribuír a desenvolver no alumnado a autonomía persoal, a capacidade para tomar decisións, etc.



- **Igualdade:** debe contribuír á superación de prexuízos sociais, como a discriminación polo sexo, raza, relixión, etc.

1.1 CONTEXTO:

En relación co CONTEXTO é importante analizar as características xerais e sociais do CEIP A Gándara.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO.

Tipo de centro	Colexio Público
Denominación oficial	CEIP Plurilingüe A Gándara
Código de centro	27014860
Situación	Monforte de Lemos
Provincia	Lugo
Enderezo	Avda. M ^a Paz de Tor s/n
Teléfono CEIP	982 87 05 63
NIF	Q7755117D
Correo electrónico	ceip.agandara@edu.xunta.es

En canto ao número de alumnos segundo etapa INFANTIL e PRIMARIA e de UNIDADES, o centro conta no curso 2024/2025 con 247 alumnos, e funcionan 14 unidades.

	INFANTIL				PRIMARIA							Total
	4º	5º	6º	Total	1º	2º	3º	4º	5º	6º	Total	
Alumnos en 2024/25	18	18	20	56	38	33	17	38	28	37	191	247
Unidades funcionan.	1	1	1	3	2	2	1	2	2	2	11	14



1.2 CARACTERÍSTICAS SOCIAIS DO CENTRO:

Neste centro conviven nenos e nenas de diferentes etnias, nacionalidades e relixións.

Monforte de Lemos é unha vila que acolle a numerosa poboación emigrante. No noso centro hai escolarizados nenos/as procedentes de Colombia, Arxentina, Venezuela, Paraguai, Portugal, Rumania e Marrocos, entre outros.

Temos alumnado procedente de outras comunidades autónomas e alumnado socialmente desfavorecido por pertencer a minorías étnicas ou por outras circunstancias familiares.

As condicións socio-económicas veñen determinadas por unha clase media-baixa que se adica, principalmente, ao sector servizos.

Monforte de Lemos conta con múltiples servizos educativos, sociais, culturais e deportivos, entre os que se atopan:

- Gardería municipal.
- Dous CEIP, tres CPR, un CEE e 3 IES.
- Conservatorio municipal Mestre Ibáñez.
- Biblioteca municipal.
- Dúas pistas polideportivas.
- Piscina municipal.
- Pavillón.
- Campo de fútbol.
- Hospital comarcal de Monforte de Lemos.

1.3 LEXISLACIÓN E PROTOCOLOS:

Para deseñar o Plan de Orientación tomamos como referencia o seguinte marco lexislativo:

- LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de



decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE do 03/12/2003)
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
- Circular 10/2010 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo para atención educativa do alumnado con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo de atención educativa domiciliaria.



- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de xénero.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo en Galicia.
- Protocolo para a prevención e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo para a prevención do risco suicida no ámbito educativo. Protocolo de protección de datos.

2. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

1. Traballar na coordinación do departamento de orientación coa xefatura de estudo, titores/as e profesorado en xeral.
2. Coordinar a programación, realización e avaliación das actividades de orientación e da acción educativa do Centro.
3. Asesorar tecnicamente aos órganos do Centro en relación co proceso de ensinanza-aprendizaxe, a avaliación e a atención á diversidade do alumnado.
4. Elaborar o PAT, PAD, POAP e facer seguimento do mesmo.
5. Elaborar actividades, estratexias e programas de orientación persoal, escolar, profesional e de reposta ás necesidades educativas diversas.
6. Aplicar programas de intervención co alumnado.
7. Realizar a avaliación psicopedagóxica individualizada do alumnado e elaborar propostas de intervención.
8. Coordinar o traballo dos especialistas que atenden de xeito específico ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
9. Fomentar a implicación de todo o profesorado na atención á diversidade.
10. Coordinar, apoiar e asesorar en relación a actividades de orientación, tutoría, de formación e perfeccionamento do profesorado e familias.
11. Coñecer e coordinarse con outros recursos da localidade que poidan servir de apoio á labor do centro.



2.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

RESPECTO AOS ALUMNOS/AS:

- Potenciar o desenvolvemento integral de todos os alumnos/as en función das súas características e capacidades, incidindo en casos que merecen especial atención.
- Promover a convivencia e a integración na vida escolar do alumnado.
- Realizar un seguimento personalizado dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Asesorar e facer seguimento das medidas de atención á diversidade.
- Proporcionar apoio Psicopedagóxico.
- Buscar estratexias de achegamento favorecendo un clima de confianza entre o alumnado.

RESPECTO AOS PROFESORES/AS:

- Proporcionar ao profesorado orientacións curriculares, metodolóxicas e organizativas sobre a atención do alumnado con NEAE.
- Colaborar na prevención e detección de alumnado con dificultades de aprendizaxe, e asesorar sobre as medidas pedagóxicas e competenciais necesarias para o desenvolvemento das súas capacidades.
- Colaborar e asesorar no proceso de avaliación que leva a cabo o profesorado, así como recadar ou aportar información necesaria para previr necesidades educativas do alumnado.
- Colaborar e asesorar na elaboración das Adaptacións Curriculares que se estimen necesarias, así como na súa aplicación, seguimento e avaliación.
- Asesorar, coordinar e apoiar aos titores/as nas súas actividades de orientación e tutoría, co fin de ofrecerlles un soporte técnico.

RESPECTO ÁS FAMILIAS:

- Informar das actividades levadas a cabo polo Departamento. de Orientación.
- Fomentar a participación e implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Informar, asesorar e orientar, puntualmente aos pais e nais sobre todos os aspectos que afecten á educación dos/as seus/súas fillos/as.
- Informar a pais/nais sobre as necesidades educativas dos seus fillos/as, así como a evolución dos/as mesmos/as.
- Contribuír ao establecemento de relacións fluídas coas nais e pais de alumnos/as, de



forma que faciliten a conexión entre o centro e o entorno familiar.

SON OBXECTIVOS PRIORITARIOS PARA O PRESENTE CURSO:

- Continuar coa dotación do departamento de orientación de materiais de avaliación, intervención (tamén para as aulas de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica) que faciliten levar a cabo da mellor forma posible as tarefas da orientación educativa.
- Facer as valoracións e avaliación psicopedagóxica de novo alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) e a revisión das xa existentes.
- Rematar e/ou actualizar os plans educativos: Plan de Acción Titorial, Plan de Acolida, e plan de tránsito.

3. AXENTES IMPLICADOS

O Departamento de orientación está composto polas seguintes integrantes:

- ✓ Elena Arias Pérez (Orientadora)
- ✓ Isabel Sabucedo González (PT Preferente e coordinadora do 3º ciclo E.P)
- ✓ Laura González Bertoa (PT Preferente e coordinadora do 2º ciclo de E.P)
- ✓ Gemma Piñeiro Garcia (PT e coordinadora do 1º ciclo de E.P)
- ✓ María Josefa Fernández Díaz (Coordinadora do 2º ciclo E.I)
- ✓ Micaela Chamochín De Haz (PT)
- ✓ Pilar Pérez Fernández (A.L Preferente)
- ✓ Aroa López Armesto (A.L)
- ✓ Nerea Saá Díaz (A.L)

Todas as actividades propostas neste plan están supervisadas polo Equipo Directivo.

As reunións do Departamento de Orientación serán, como norma xeral, os venres de 09:00 horas a 10:00 horas, co fin de analizar e planificar a actuación semanalmente do departamento.

Ademais, unha vez ao trimestre realizarase unha reunión coas titoras/es de todos os cursos do centro co fin de manter unha estreita coordinación e colaboración.



4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

CON RESPECTO Ó ALUMNADO:

- Elaboración e revisión do Plan de Atención á Diversidade, para que dar resposta á realidade educativa nas nosas aulas.
- Elaboración e revisión do Plan de Acción Titorial.
- Recompilación de recursos e actividades para facilitar o traballo na titoría.
- Atención, diagnóstico, elaboración de informes e liñas de orientación e seguimento dos alumnos/as que se estime necesario.
- Elaboración de informes para as Adaptacións curriculares nos casos que sexa preciso e seguimento das mesmas.
- Seguimento das medidas de atención á diversidade.
- Revisión do alumnado novo no centro ou que comeza nova etapa.
- Asesoramento nos casos que se estimen propios da especialidade de AL e PT
- Intervención directa e seguimento co alumnado que necesite apoio de PT e AL.
- Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.
- Seguimento do absentismo escolar
- Seguimento e intervención, nos casos que o precisen, das alteracións da convivencia xurdidas no centro

CON RESPECTO Ó PROFESORADO E ORGANISMOS DO CENTRO

- Asesoramento e apartacións de materiais ó profesorado.
- Facilitar apoio e motivación ó profesorado que o necesite.
- Búsqueda de recursos para a formación do profesorado sobre temas que demanden e que correspondan ó ámbito educativo.
- Atención ás demandas que manifieste o profesorado, e que teñan cabida dentro do Departamento de Orientación.
- Reunións coa Comisión de Coordinación Pedagóxica para poñer en común o traballo a levar a cabo.
- Buscar propostas para o deseño e desenvolvemento de:
 - ✓ Revisión do Plan de acción titorial, Plan xeral de atención á diversidade e Plan de apoio e reforzo para o alumnado repetidor.
 - ✓ Mellora da convivencia.



- ✓ Programa de transición á ESO.
- ✓ Un plan de acollida para o alumnado procedente do estranxeiro.
- ✓ Asesoramento ás familias, profesorado e alumnado.

CON RESPECTO ÁS FAMILIAS:

- Charlas informativas de diversos temas que afectan a educación e desenvolvemento dos/as seus/súas fillos/as
- Entrevistas persoais en demandas concretas.
- Entrevistas individuais cos/as pais /nais dos nenos/as que reciben unha avaliación e seguimento dende o Departamento.

CON RESPECTO A OUTROS ORGANISMOS EXTERNOS Ó CENTRO

- Recollida de información dalgúns recursos existentes na localidade e que poidan resultarnos de interese.
- Coordinación cos servizos externos que prestan atención ao noso alumnado.
- Cooperación dos servizos de Asistencia Social da zona cando se considere que a problemática presentada polo alumnado poida ter orixe externo ó centro.
- Solicitar a colaboración do Equipo de Orientación Específico cando se considere a necesidade dunha intervención externa.

5. METODOLOXÍA

Para acadar os obxectivos marcados nesta programación a liña de traballo basease en :

- Reunións individuais e grupais cos distintos axentes implicados.
- Entrevistas persoais con alumnos/as, pais/nais, órganos externos.
- Charlas grupais de temas de interese tanto para os alumnos/as, pais/nais coma para o profesorado.
- Intervencións personalizadas adaptadas a situación do alumnado/familia.

**6. TEMPORALIZACIÓN**

LINEA DE ACTUACIÓN	TEMPORALIZACIÓN	AXENTES IMPLICADOS
Elaboración Plan de Atención á Diversidade, para que dea resposta á realidade educativa das nosas aulas.	Setembro - Outubro	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
Elaboración do Plan de Acción Titorial.	Setembro – Outubro	DEPARTAMENTO DE TITORES/AS
Revisión do alumnado novo no centro e os que comezan unha nova etapa.	Setembro – Outubro (todo o curso)	Orientación / PT/AL/TITORES/AS
Revisión do alumnado con NEAE	Setembro – Outubro (todo o curso)	Orientación / PT/AL/Profesorado implicado
Revisión do Plan de Atención á Diversidade	Todo o curso (revisase o final de cada trimestre)	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
Revisión do Plan de Acción Titorial.	Todo o curso (revisase o final de cada trimestre)	Orientación / Titores/as
Recompilación de recursos e actividades para facilitar o traballo na titoría	Todo o curso	Orientación



Valorar as necesidades educativas dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Elaboración de ACS nos casos que sexa preciso e seguimento das mesmas.	Todo o curso (revísase o final de cada trimestre)	Orientación/PT/AL/ Titores/as/ profesorado implicado
Asesoramento e seguimento das medidas de atención á diversidade	Todo o curso (revísase o final de cada trimestre)	Orientación /Xefatura de estudos/Titores/as/ profesorado con dispoñibilidade horaria.
Administración de reforzos individualizados ó alumnado que o precisen por ter unha gran dificultade.	Todo o curso (revísase o final de cada trimestre)	PT/AL
Asesoramento nos casos que se estimen propios da especialidade de AL e PT	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Intervención directa e seguimento co alumnado que necesiten apoio de PT e AL.	Todo o curso (revísase o final de cada trimestre)	Orientación / PT/AL
Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Seguimento do absentismo escolar	Todo o curso (revísase o final de cada trimestre)	Orientación /Titores/Xefa de estudos



Participación na CCP	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Asesoramento e aportación de materiais ó profesorado	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Facilitar apoio e motivación ó profesorado que o necesite.	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Búsqueda de recursos para a formación do profesorado sobre temas que demanden e que correspondan ó ámbito educativo	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Atención ás demandas que manifieste o profesorado, e que teñan cabida dentro do Departamento de Orientación.	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Entrevistas persoais en demandas concretas.	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Entrevistas individuais cos pais/nais dos nenos/as que reciben unha avaliación e seguimento dende o Departamento.	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Recollida de información dalgúns recursos existentes na localidade e que poidan resultarnos de interese.	Todo o curso	Orientación/ PT/AL
Establecemento de contactos cos axentes externos.	Todo o curso	Orientación / PT/AL
Solicitar a cooperación dos servizos de Asistencia Social	Todo o curso	Orientación/ PT/AL

Solicitar a cooperación do Equipo Específico cando se considere a necesidade dunha intervención externa.	Todo o curso	Orientadora/ PT/AL	
--	--------------	--------------------	--

ACTIVIDADES POR TRIMESTRE

Durante o 1º trimestre:

- Constitución do Departamento de Orientación.
- Deseño de horarios de PT e AL.
- Estudo xeral das necesidades do alumnado
- Elaboración do Plan Anual de orientación.
- Recompilación e adquisición de materiais para o Departamento de Orientación.
- Realización da avaliación psicopedagóxica e inicial do alumnado.
- Colaborar na solicitude das becas para o alumnado con necesidades educativas especiais do Ministerio de Educación e Ciencia.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento das Adaptacións curriculares.
- Levar a cabo sesións de coordinación coas especialistas de PT e AL.
- Establecer as reunións precisas coas familias.
- Recoller propostas e materiais para o deseño dos plans anteriormente indicados.
- Planificar o plan de acollida de alumnado procedente do estranxeiro.

Durante o 2º trimestre:

- Avaliación do funcionamento da orientación no 1º trimestre.
- Revisar os resultados da 1ª avaliación para establecer medidas de mellora e reorganizar os apoios do alumnado.
- Deseño do plan de aproximación á secundaria.
- Reunións de coordinación cos titores e familias, orientadora do I.E.S e especialistas de AL e PT.
- Exploración psicopedagóxica de novo alumnado que xurda con necesidades.



- Realizar a avaliación continua e seguimento dos alumnos/as con necesidades.

Durante o 3º trimestre:

- Avaliación do funcionamento do Departamento de Orientación no 2º trimestre.
- Revisar os resultados da 2ª avaliación para establecer medidas de mellora e reorganizar os apoios do alumnado.
- Continuación coa aplicación dos programas.
- Exploración do alumnado que xurda con necesidades, facer seguimento do alumnado anteriormente avaliados e facer avaliación final do alumnado que recibiu apoio educativo, así como revisar as medidas de apoio para o vindeiro curso.
- Desenvolver o plan de preparación para a E.S.O. en colaboración coa orientadora do I.E.S.
- Realización dunha exploración do alumnado que remata Educación infantil e pasa a Educación Primaria para rastrexar se existen posibles dificultades e necesidades dos alumnos/as.
- Elaboración de informes do alumnado obxecto de intervención e valoración por parte do Departamento de Orientación principalmente os que pasan a unha nova etapa educativa, a secundaria.
- Realizar, se é o caso, as solicitudes de flexibilización da escolarización para alumnos con NEE no mes de abril.
- Incluír nos expedientes dos alumnos/as datos relevantes do seu desenvolvemento e proceso ensino- aprendizaxe.
- Realizar o DRDorienta, DRDadi e DRDespe.
- Avaliación final das actuacións do Departamento de Orientación.
- Elaboración da memoria final.
- Facer propostas de mellora.

7. RECURSOS

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro e/ou estean o alcance real na nosa contorna, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos, cando así o requira a actuación demandada ou



programada, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

Os recursos máis salientables para levar a cabo a posta en marcha deste plan de orientación son:

- Materiais de Titorías.
- Test e probas de intelixencia, lecto-escritura, atención, personalidade...
- Materiais e recursos varios de internet.
- Materiais de reforzo propios.
- Información remitida pola consellería.
- Aula de PT/AL, e Departamento de Orientación

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliación terá un carácter continuo, cada trimestre avaliarase os obxectivos acadados e os que aínda non, co fin de poder alcanzalos todos ó remate do curso.

A partir das avaliacións trimestrais realizadas dos distintos plans, recollidas nas actas correspondentes e nos instrumentos de avaliación, elaborárase un informe de avaliación que estará recollido na acta de avaliación do Departamento de Orientación.

Esta Memoria, debe entenderse non como unha descrición exhaustiva do realizado, senón como unha síntese reflexiva dos logros acadados, as dificultades atopadas, os factores que influiron en ambos casos, e sobre todo, as propostas e modificacións que se deben incorporar para a planificación do curso seguinte.